



SAL. 002149 27.02.12 10:16

**Instrucción III/2012 da xerencia pola que se comunica a incorporación de remanentes e se establecen algunas normas especiais en relación con partidas con financiamento específico.**

A presente instrución dítase en virtude do previsto na Disposición Adicional Primeira das Normas de Execución dos Orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobadas para o exercicio 2011, aprobados por acordo do Consello Social de 1 de marzo de 2011, vixentes trala prórroga do orzamento para o exercicio 2012, aprobada por Resolución Reitoral de 30 de decembro de 2011.

Na súa virtude determináse:

I.- Comunicar a incorporación de remanentes das partidas orzamentarias que figuran nos arquivos que se acompañan a esta instrución.

Os arquivos, un para cada centro orgánico, enviados aos responsables de asuntos económicos, recollen nas diferentes follas que conforman o libro excel, os distintos apartados desta instrución.

II.- Axustar determinadas partidas orzamentarias as actividades que estean vixentes durante o ano 2012, dada a necesidade de encaixar a nosa xestión de actividades cos criterios establecidos nas regras para a contabilidade analítica.

Por iso, hai que ter en conta en relación coa incorporación dos remanentes, as seguintes normas específicas.

- 1) No ano 2012 non se poden dar de alta as partidas orzamentarias das que o seu titular non estea xa na USC, ben por estar xubilado, en comisión de servizos noutra administración, por non ter contrato vixente coa USC ou ben por calquera outra circunstancia.
- 2) As partidas orzamentarias que ao fin do ano 2011 tiñan un remanente igual ou inferior a 50,00 € non serán dadas de alta no exercicio 2012. Este remanente se incorporará á partida orzamentaria que indique o seu titular así como os compromisos que ata o momento se teñan adquirido. No anexo se indican as partidas que se ven afectadas por este apartado.

Se houbera gasto no ano 2012 asociado a estas partidas deberán anularse as actuacións e incorporalas a nova partida receptora.

- 3) As partidas que, estando na situación anterior, con saldo igual ou inferior a 50,00€ pero que teñan anualidade no ano 2012, serán activadas no orzamento. O responsable de asuntos económicos deberá manifestarlle esta circunstancia ao Servizo de Contabilidade e Orzamentos, Sección de Orzamentos, enviando un correo electrónico a [milagros.casal@si.usc.es](mailto:milagros.casal@si.usc.es) para que proceda a dar de alta a partida e a incorporar o remanente correspondente. Esta incorporación ao orzamento terá repercusión contable no sistema de contabilidade central SIC e no de contabilidade descentralizada eSicus.
- 4) A iniciativa da Vicerreitoría de Investigación e Innovación, procede dar de baixa un número de partidas de proxectos de investigación que non están activos. Estes proxectos non teñen ningunha obriga actual asociada. Como no parágrafo anterior, se houbera algunha circunstancia que esixa a activación da partida ou a transferencia do crédito a outra, comunicarase mediante o correo electrónico antes indicado.

III.- Esta incorporación de remanentes reflíctese nos arquivos do seguinte xeito:

Na folla “remanentes 2011” recóllense as partidas ás que se lle incorpora o remanente do 2011, reseñado no punto I. As partidas do punto II.1) recóllense na folla “incidencias director”. As partidas do punto II.2) e II.3) na folla “importe menor igual a 50 €”, e por último o punto II.4) en “proxectos de investigación non activos”.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2012  
 A xerente



Srs./as Decanos/as e Directores/as de Centros  
 Directores/as de Departamentos e Institutos Universitarios  
 Responsables de Asuntos Económicos